

Expectativas hoteleiras. 3º trimestre 2006

COMUNICADO

O 61,7% dos responsables de hoteis e hostais galegos esperan que durante o 3º trimestre de 2006 o grao de ocupación sexa superior ao do trimestre que remata

Para o 3º trimestre de 2006, o 61,7% dos responsables de hoteis e hostais galegos esperan acadar un grao de ocupación superior ao do 2º trimestre de 2006

Empeza a temporada de verán, o mellor momento do ano para o turismo, e isto maniféstase nas expectativas postas nos niveis de ocupación. Así, os responsables dos establecementos galegos clasificados como hoteis e hostais opinan, nunha porcentaxe do 61,7%, que durante o terceiro trimestre do ano 2006 a ocupación será superior á acadada no trimestre que agora remata, o segundo do 2006. A continuación, e cunha porcentaxe do 29,5%, sitúanse os que esperan manter os niveis actuais. A porcentaxe dos que esperan se produza un descenso é do 8,8%.

Tendencia no grao de ocupación 3º trimestre 2006

	Aumento	Estabilidade	Descenso
%	61,7	29,5	8,8

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

As previsións son acadar, como ven sendo habitual, a máxima ocupación no mes de agosto, cun valor esperado do 71,9%. No mes de setembro o valor esperado é do 62,2% e no mes de xullo o 55,6%.

Previsión grao ocupación mensual

Mes	%
xullo 2005	55,6
agosto 2005	71,9
setembro 2005	62,2

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Ademais, igual que en trimestres anteriores, na súa opinión esta ocupación está principalmente influenciada por factores externos e pouco controlables polo propio sector, como son a situación económica xeral, a competencia que supoñen outros destinos e as condicións climatolóxicas.

Previsión de estabilidade nos prezos, investimento e emprego

Durante o 3º trimestre de 2006, a evolución prevista en variables que son decididas polos responsables dos establecementos, como son os prezos e o investimento, é de xeito maioritario cara unha estabilidade nos niveis que mantiñan.

No caso dos prezos, no 54,5% dos hoteis e hostais galegos a previsión é de mantelos, aínda que está próxima a porcentaxe dos que espera incrementalos (42,4%). Pola contra, tan só un 3,1% ten previsto aplicar un descenso.

En canto ao investimento privado, o 65,3% dos establecementos espera seguir destinando a esta partida unha contía similar á actual. Un 29,4% espera incrementala e un 5,3% diminuíla.

Pola contra, en relación ao emprego, a maior porcentaxe corresponde aos que teñen previsto incrementalos (50,8%), aínda que seguido moi de preto pola porcentaxe dos establecementos espera permaneza estable nos niveis actuais (46,7%).

Evolución dos prezos, investimento e emprego (%). 3º trimestre 2006

	Aumento	Estabilidade	Descenso
Prezos das prazas hoteleiras	42,4	54,5	3,1
Investimento privado	29,4	65,3	5,3
Emprego	50,8	46,7	2,5

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>